

Estimados Pais-Nais-Titores/as legais:

O próximo VENRES 25 DE OUTUBRO, como no anterior curso, voltamos a organizar o CEIP A GANDARA xunto coa ANPA A BUXAINA E O CD 21 LEGUAS, en colaboración coa Fundación "Uno entre cien mil" unha **carreira solidaria** na que se pretende sensibilizar e apoiar a investigación da leucemia infantil, así como difundir hábitos saudables e fomentar a actividade física.

Na práctica trataremos de levar a cabo esta labor da seguinte maneira: tanto o profesorado como as familias terán a súa disposición material didáctico para sensibilizar e traballar cos nenos/as na web [www.lavueltaalcole.com](http://www.lavueltaalcole.com). Ademais, nos días previos a carreira, o alumnado levará un díptico informativo no que a través dun código QR teredes acceso a información do proxecto no cal o colexio colabora. Este díptico transformase nun sobre no que cada familia fará a aportación económica que considere oportuna, a cal recordamos que é **TOTALMENTE VOLUNTARIA E NON EXIME DA PARTICIPACION DO NENO/A NA CARREIRA**. A modo informativo, lembramos que o curso pasado, grazas a colaboración de todos, recadou un total de 1243,83 €.

Con respecto a carreira, esta será **NON COMPETITIVA** e procuraremos crear un ambiente festivo para desfrute de toda a comunidade educativa. Ademais como novidade, este ano, os pais, nais ou titores/as legais poderán participar cos seus fillos/as nas carreiras. Como sempre, os percorridos están adaptados e acordados cos mestres de educación física. Cada neno/a recibira un dorsal, así como un diploma e unha botella de auga o rematar a proba (tentaremos tamén unha medalla). Lembramos que este día os nenos/as é mellor que veñan con roupa deportiva. **Se a previsión climatoloxía é adversa, pasaremos a pospoñer o evento para unha nova data.**

A actividade dará comezo as 12:10 horas e dado que usamos vías públicas no entorno do colexio que estarán cortadas, agradecemos que as persoas que se acheguen en coche o teñan en conta.

Para rematar, comentar que colaboran no evento a Policía Local, Protección Civil, a Concellaría de Deportes e o CD 21 Leguas, pero tamén precisamos da colaboración de aqueles pais/nais/titores/as legais que o desexen. Para elo, podedes enviar un correo electrónico co voso nome completo e DNI o mail da ANPA A BUXAINA, [anpabuxaina@hotmail.com](mailto:anpabuxaina@hotmail.com), con data límite o martes 22 de outubro.